

- | | | | |
|---|--|--|---|
| 1. No abreinte deste Maio
volvemos á Ferraría
para compartir convosco
lingua, flores e alegría | 10. Aumentan os papeleos
e os casos de atención
Burocracia máis moderna
Non mellora a educación | 19. Non falemos do “Cuberto”
Patio de “Bricomanía”
Pondo un muíño de vento
Moita fariña faría | 28. Como flor polas campiñas
Cento oitenta anos leva
Os seus “Cantares Galegos”
Prenden luz , Madría Leva! |
| 2. Somos os de Campolongo
todos vimos a cantar
Nesta praza ben fermosa
Coa frescura de altamar | 11. Deberes temos abondo
Dependendo das materias
Coas novas avaliacións
Non hai tempo para lerias | 20. Entra auga polo Norte
Pedrazo no lateral
Fanse pozas pola sur
Cando entra vendaval | 29. Marchou Alonso Montero
e chegou Victor Freixanes
mais o que nos une a todos
é a honra a Carlos Casares |
| 3. Mes de maio, mes de flores
Vés brincando polo día
E cantando en galego
Como fixo Rosalía. | 12. Danlle voltas ós exames
Os conceptos e as maneiras
Para chegar a Ministro
Non fai falta ter carreiras | 21. Un retallo de uralita
Campa nunha das paredes
Arte moderno na porta
Todo un museo veredes | 30. Neira Vilas, Gloria Fuertes
Maruja Mallo e Casares
Todos eles nos deixaron
Moitas obras para amares |
| 4. Temos ríos, temos fontes
E non soben os argazos
Tamén temos unha chea
De verteduras no “Ghafos” | 13. Estivemos de reformas
Con frío , golpes e vento
Rematamos a faena
Cun estoupido tremendo | 22. Ouriños, ouriños temos
Cando imos ó Ximnasio
Limpan plásticos e follas
E deixan o do potasio | 31. Traballaron no respecto
Como todo bo artista
Loitaron pola igualdade
Que aínda está a “Anos vista” |
| 5. Ter ríos que te acompañen
É un luxo venerado
Falta velo en Campolongo
No treito canalizado | 14. Fixérono dando clases
Unha obra ben inxente
Quen cargaría o morto
Se houbera un accidente? | 23. Queremos un corredor
Para ó Patio Cuberto
Cando chove non saímos
Nin para ver un concerto | 32. Mesmo hoxe queda lonxe
O respecto ó feminismo
Palabra que significa
Igualdade e non cinismo |
| 6. Os rapaces deste barrio
Van vivir como no Aaiun
Caen árbores no Parque
E non se repón ningún | 15. Deixaron as cristaleiras
Cargadas de lamparóns
Daba cimbra ver as aulas
Cos porcallentos zullóns | 24. Se toca ser deportistas
Corremos ó Pavillón
E se chove que non para
Hai ximnasia con trebón | 33. Este ano o Ravachol
Chegou case atordado
A tarifa de FENOSA
Deixouno ben conxelado |
| 7. Arrancaron unha tulipa
Que tiña boa salvación
Foi con ela un albedro
Cortado sen compaixón | 16. Na entrada da escola
Colocaron un estrado
Unha das cousas que di
“Que diñeiro mal gastado” | 25. Na pirámide da saúde
Temos xa os dez mil pasos
Sen non xogas nos recreos
Cantos levas de retraso? | 34. Úsanse placas solares
Nos países avanzados
O negocio da corrente
A nós tennos escaldados |
| 8. Fálase dun tobogán
E de zonas de descanso
Esperamos que piscina
Saia axiña do seu transo | 17. Non pensaron nas reformas
No xeado pavillón
No inverno practicamos
Clases de hibernación. | 26. Con varias celebracións
Enredamos este ano
Temos xa dentro do corpo
O cántico Rosaliano | 35. Estarán por arranxar
A paga dos asesores
Pois se baixa a demanda
Como cobran os señores? |
| 9. Leva anos sen reformas
Ninguén a quixo coller
Inaugurouse con Fraga
Cando todo era correr. | 18. Ten as xanelas moi vellás
Sempre hai ventilación
Entran pombas e paxaros
E non cagan nun cartón | 27. Primeira muller cantora
Dos costumes populares
Falou na lingua da terra
E deitouna polos mares | 36. De certos representantes
da noxo e medo falar
Por aquí tápanche a boca
Por “Alá” teiman matar |

37. Son da quinta dos corenta
con dereitos subtraídos
só queren unha bandeira
na Cruz Dos Mortos Caídos

38. Se buscas na wikipedia
Os casos de corrupción
A Marca España loce
Hai centos de campións

39. Presadas de imputados
Mantéñense no goberno
Nos sabemos cantos deles
pensarán se hai inferno

40. Xa ten máis de oitocentos
un dos principais partidos
a este paso comeremos
mocos ou fentos cocidos

41. Xa entraron na liorta
Os rusos e americanos
No xenocidio de Siria
seguen medrando os ananos

42. Gas sarín e “Donald Trump”
Mísiles con nucleares
Son as palabras modernas
Que aprenden os escolares

43. Se non houbera petróleo
Nin o cobizado gas
Por alí non andarían
Os irmáns de Satanás

44. Non queren aos refuxiados
moitos morren xa no mar
divírtense con Maduro
e coa guerra nuclear

45. Esperemos que os da NASA
atopen outros planetas
pois aquí xa “Pintan Bastos”
os “Cerebros Metralletas”

46. Pontevedra inaugurou
Solo de autocaravanas
Rexurdiu a Policía
Estaría nas Habanas

47. As rúas de Pontevedra
sempre deron que falar
se queres coller o coche
vas ter lombos a fartar

48. Coas novas tecnoloxías
tamén temos odiseas
todo mundo a “wasapear”
Véñse zombis a moreas

49. Ten pendente Pontevedra
os fumes de Celulosas
todos queremos na Ría
outra cousa mais fermosa

50. Seica é caro o traslado
para outras poboacións
Hai ben cartos na Suíza
Ou na casa dos Borbóns

51. Témonos que despedir
non sabemos até cando
Se non pulsan o botón
Seguiremos nós cantando

52. Rematamos estas coplas
Co Bilingüismo da Xunta
O galego nas escolas
Nin se fala nin desputa

53. Coma outros desexamos
Algún dos premio levar
Cunha rosca para todos
Non hai bandullo que fartar

54. Den exemplo de equidade
Sexan xustos e honrados
Non teñan como modelo
A banqueiros xubilados

CAMPOLONGO

